

SUSANA REGUEIRA
PONTEVEDRA

Linguaxe, color e materiais humildes como láminas de cartón que pinta e nas que fai buratos. Ou o seu particular Alfabeto Delfín, pero tamén poesía, sensualidade, espiritualidade e vacío. Antón Lamazares, un dos pintores galegos máis internacionais, sintetiza na súa nova exposición, "Cántico espiritual", boa parte das ensinanzas de máis de 40 anos de traballo no estudio para rendir unha gran homenaxe a San Juan de la Cruz a través da súa obra poética homónima máis coñecida.

–Presenta na madrileña Galería Odalys nada menos que 50 pezas, moitas delas grandes formatos. Traballou vostede moito para "Cántico espiritual"...

–É unha recopilación de catro anos de traballo, de xeito que en catro anos de traballo pódense pintar uns cantos cuadros.

–Como é a súa nova obra?

–Levo traballando dende fai 9 anos co meu Alfabeto Delfín. Quere decir que traballo coa palabra, para eso inventei un alfabeto, dedicado casi exclusivamente á poesía, pensamentos e casi sempre de xente á que quero, á que admiro, e algunhas veces tamén a pensamentos meus.

–Creou ese alfabeto propio (no que cada símbolo corresponde a un signo do alfabeto latino) nunha homenaxe a seu pai

–Así é, meu pai chamábase Delfín e así se chama o alfabeto.

–Deduzo que non é o único elemento que herda a súa pintura da súa aldea natal, Maceira

–Non, por exemplo o meu alfabeto quero e trato de que sexa labrador e cristiano, que teña referencia a estas cousas, ao mundo das miñas memorias de aldea, ás memorias rurais, que son parte da miña sangue, e a todo o que ten que ver co ser cristiano, co pensamento cristiano e coa realidade cristiana.


–Residiu vostede en distintos lugares do mundo

–Si, claro, como tantos pintores tiven a necesidade, ou sinto a necesidade imperativa, de ir a tal sitio. Fa-

ANTÓN LAMAZARES ■ Pintor

“A obriga dun pintor é formarse e enriquecerse coas chamadas do sangue, o corazón e a intelixencia”

O artista, un dos creadores galegos máis internacionais, expón en Madrid os seus novos traballos, adicados a San Juan de la Cruz



Antón Lamazares, no seu estudio, con varias obras de "Cántico Espiritual". // Joaquín Cortés

FICHA PERSONAL

■ Antón Lamazares Silva (Maceira, Lalín, 1954) é un pintor cunha ampla proxección internacional. As súas obras teñense exhibido en distintos continentes e figuran en importantes coleccións coma a do Museo Nacional Reina Sofía. En 2010 recibiu a Medalla Castelao. Presenta na Galería Odalys de Madrid ata o 6 de maio "Cántico espiritual", unha homenaxe pictórica a San Juan de la Cruz.

go primeiro para ver pintura, e, sendo, por coñecer vida e por experiencia. É unha das obrigas dun pintor. É a obriga dun pintor formarse, estar vivo e enriquecerse con todas esas chamadas do sangue, do corazón e da intelixencia.

–A su obra ten mudado, vaise depurando...

–Si, dis ben. Cando empecei a pintar, porque funme formando pola miña conta, achegándome a ou-

tros pintores. Tiven a sorte de con 16 anos coñecer a Laxeiro e con él empecei a ver pintura, a velo pintar. E así seguín, logo en Madrid tamén estiven moi cerca de Alfonso Fraile, que son os pintores dos que máis bebín na miña adolescencia e xuventude. E logo non tiven máis remedio que salir por ahí a ver pintura e ver mundo. Entón é inevitable, a pintura vai movéndose, porque é unha obriga que ten o pintor, de anchar o seus

coñecementos. E eu sigo nese plan.

–Por qué San Juan de la Cruz?

–É un poeta que dende os 9 anos que estiven estudiando nos Franciscanos teño moi presente. Parte tamén dese Alfabeto Delfín débollo a esa necesidade de traballar coa palabra, e foi San Juan de la Cruz o primeiro que me ensinou algunhas das cousas máis bonitas da poesía.

–Outros elementos nos que traballa é no silencio e no vacío

–Claro, a música é silencio, un silencio que a veces ten movementos sonoros. A poesía é o mesmo e a pintura é o mesmo. Sempre pensei que

é unha obriga dicir as cousas, cousas difíciles, cousas complexas, dun xeito sinxelo, claro, limpo e coas menos palabras posibles e, no caso da pintura, cos elementos mínimos. Sempre tratei de andar dese xeito. No caso de San Juan de la Cruz pintei todos os seus grandes poemas, por exemplo o "Cántico Espiritual", que é a obra máis grande, son 14 pezas de 2 metros por 1.15, que necesito para meter todas as palabras e versos da obra de San Juan de la Cruz. Entón dase menos vacío

que noutros cadros pero si hai unha maneira de contalo por medio do dolor. Ese vacío existe no poema de San Juan de la Cruz e tamén todo o contrario, existe a exaltación, a comunión ca vida, a carne, o espírito e a ansiedade profunda da divinidade.

–Como é o seu proceso de traballo?

–O meu comportamento á hora de traballar é bastante atolondrado (som) pero dentro dunha rutina. Antes pintaba todos os días, agora sábados e domingos descanso, pero non significa que a cabeza non esté funcionando. Por suposto traballo como traballan os obreiros, cunhas horas mínimas para poder tirar do traballo. E normalmente traballo pola noite, porque é a miña maneira de facer e de ser.

–Fai uns anos tiña estudio en Berlín e leo agora que tamén en Madrid...

–Sempre o tiven, teño estudio en Madrid desde 1977, que me viñen a vivir aquí. E sempre mantiven taller aquí pero, claro, tamén estiven en Berlín xa non sei se catorce ou dezaseis anos. E tamén andei por Nova York, por París, por Londres, que son así os sitios onde traballei. Pero sempre mantiven o taller en Madrid, por exemplo cando vivía en Berlín traballaba nos dous sitios, iba e viña. E tiven outro taller en Salamanca donde traballei moito e aprendín moito en catro anos. Moitos pintores facemos eso, nun momento da túa vida tes talleres en varios sitios porque os necesitas, porque a vida e a pintura che piden eso.



“Sempre pensei que é unha obriga dicir cousas difíciles, cousas complexas, dun xeito sinxelo”

“O meu alfabeto Delfín quero e trato de que sexa labrador e cristiano, que teña referencia ás miñas memorias”



Luis Davila

FARO DE VIGO

AnilAzor